

# Unidade de Malpica-Tui



O tempo tampouco pasa á mesma velocidade entre os distintos organismos. O eucalipto que vemos á esquerda é moito máis novo có carballo que vemos no centro, unha especie de crecemento moito máis lento.

Empezaremos esta viaxe situándonos no tempo, hai 600 millóns de anos; pode parecer moito pero xeoloxicamente falando non o é tanto. Para nós 50 anos é media vida, para un carballo é a súa infancia, pero para as montañas non significa nin un segundo. Este cambio de ritmo non nos permite notar o desprazamento dos continentes que se moven á mesma velocidade que medran a uñas.


Pero a pesar da “lentitude aparente” do movemento, cando lles damos millóns de anos, os continentes:

\* chocan, producindo grandes cordilleiras (oroxenia),

\* introdúcense uns debaixo doutros (subdución),

\* e incluso se separan formando océanos entre eles (rifting).

E todo iso lle sucedeu á Unidade de Malpica-Tui (UMT a partir de agora) nos últimos 600 millóns de anos.



Apertura do océano Atlántico hai uns 250 millóns de anos. O punto verde indica a localización aproximada dos materiais da UMT.




Anfibolita da Campara con algo de cuarzo.




Gneises glandulares de Barizo. Estes materiais mostran os efectos do metamorfismo sobre os materiais máis antigos.

A UMT consta de series de rochas coma os gneises ou as anfibolitas que se interpretan como anacos de codia oceánica e materiais próximos que,



durante a formación do gran continente de Panxea (o supercontinente que, ao final da era Paleozoica e comezos da Mesozoica agrupaba, a maior parte das terras emerxidas do planeta), foron empurrados ata quedar cabalgados (situados enriba) de materiais continentais máis recentes como os granitos que podemos ver en Laxe e en Corme

Os materiais da UMT forman unha franxa que corta as rías da costa occidental dende Malpica a Tui. ( as estradas que cruzan esta costa seguen moitas veces a unidade de Malpica-Tui xa que os materiais que a forman se erosionan con máis facilidade có resto polo que aparecen como zonas máis baixas e chás resultando cómodas para a construción das estradas)




Pero non só son os continentes os que sofren o cambio, senón que tamén o mar sofre variacións con respecto ao seu nivel. Son as chamadas: transgresións (ascensos) e regresións (descensos). Sentimos moito os termos usados, pero cada un ten dereito a ter unha linguaxe propia e os xeólogos tamén a temos; e sorte que non vos

falamos do movemento “epirofórico” que tamén sabemos o que significa.

Dende hai 600 millóns de anos cara adiante non só cambiou o aspecto xeolóxico senón tamén o biolóxico. Por exemplo, ata hai uns 400 millóns de anos non existía vida fóra do mar e dentro deste, os animais tiñan un aspecto completamente distinto ao que vemos hoxe en día.

Así as cousas, comezaron a aparecer organismos pluricelulares mentres a nosa comarca non se movía do fondo do océano. Mesmo cando se desenvolven os primeiros organismos terrestres, seguimos debaixo do océano. (ben, que nos perdemos todo o interesante!) Incluso a época dos dinosauros tivemos a mala sorte de pasala a máis de 50 km de profundidades (coa cabeza baixo terra).



Ter máis de 300 millóns de anos tamén lle trouxo problemas ás rochas da nosa comarca. Durante a oroxenia Varisca, as rochas sufriron altas presións e temperaturas cuxas pegadas vemos perfectamente na orientación dos minerais que forman estes gneises de Barizo. Este proceso de metamorfismo ocorreulles a moitas rochas da nosa comarca. Ímolo ver nos seguintes exemplos:

Antes do proceso de metamorfismo	Despois de sufrir metamorfismo
	
Nesta imaxe da praia de Aviño obsérvanse as rochas sedimentarias depositadas en estratos.	Nesta outra vemos a disposición en capas dos materiais consecuencia do aumento de presión e temperatura. Praia de Aviño